

Vasco Praga de Sandim

Rubrica

Per bõa fé, fremosa mia senhor,
sei eu ca mais fremoso parecer
vos fez Deus e mais fremoso falar
de quantas outras donas quis fazer.
E al vos fez que vos ora direi:
fez-vos mais mansa e de mui melhor
doair'e melhor talhada seer.

E por esto, fremosa mia senhor,
nom me devedes vós culp'apõer
porque nom sei eu rem no mund'amar
senom vós. E mais vos quero dizer:
senhor, nunca eu já culp'haverei
de nom amar, enquant'eu vivo for,
senom vós, pois me vos Deus fez veer.

E rogo-vos, fremosa mia senhor,
por aquel Deus que vos fez[o] nacer,
que, macar vos hoj'eu tanto pesar
digo, que vós me leixedes viver
u vos veja; que, de pram, morrerei,
se vos nom vir; e hei mui gram pavor
d'haverdes vós em mia mort'a perder

gram mesura, fremosa mia senhor,
per bõa fé, que vos Deus fez haver;
ca nom poss'eu i per nẽum logar
a mim nem a vós mais perda entender
- de quanta coita eu de viver hei
polo vosso, que nom já com sabor
que eu haja, senhor, de nom morrer.